

GUÍA DA CAMPAÑA



NOTA SOBRE EL LENGUAJE

En la Confederación Don Bosco, trabajamos por igual mujeres y hombres, chicos y chicas, niñas y niños. Pensamos que es importante contar con la participación de todos y todas y no entendemos que haya diferencias por cuestión de género.

Este manual ha sido escrito tratando de utilizar un lenguaje igualitario y no sexista aunque, en algunos casos y para facilitar la lectura, se hace uso genérico del masculino para designar a los dos sexos.

GUÍA DA CAMPAÑA

A Campaña Pasaporte 0.0 é unha iniciativa da Confederación de Centros Juveniles Don Bosco de España enmarcada na liña de educación para a saúde. Está dirixida a menores de entre 13 e 17 anos, en especial a aqueles e aquelas que están en situación de risco e exclusión, cuxas características sociodemográficas os predispoñen a unha situación de especial vulnerabilidade fronte ao consumo de drogas e as adiccións.

O obxectivo principal deste programa é retrasar a idade de inicio de consumo de alcohol en menores de idade. Preténdese proporcionar información e sensibilizar sobre as consecuencias do consumo e abuso de alcohol, á vez que se proporcionan aos mediadores e mediadoras sociais ferramentas e formación para poder educar na prevención.

Os materiais e a información contida nesta campaña encontran un soporte perfecto na acción educativa de mediadores e mediadoras que desenvolven o seu traballo nos centros e asociacións xuvenís que ofrecen auténticas alternativas educativas desde o ocio e o tempo libre orientadas ao desenvolvemento integral da persoa.

Como elemento atractivo e innovador, desde a Confederación Don Bosco deseñouse unha aplicación en formato dixital mediante a que se pretenderá visibilizar de maneira atractiva e novidosa o grao de adquisición de competencias e coñecementos adquiridos pola xente nova a través desta campaña.



POR QUE É NECESARIA UNHA CAMPAÑA SOBRE A PREVENCIÓN DO CONSUMO DE ALCOHOL?

Está sobradamente demostrado a través dos diferentes estudos, medios, enquisas e publicacións que a idade de inicio no consumo de alcohol rolda os 14 anos.

Así mesmo, están aceptadas e estendidas algunhas formas de consumo entre os adolescentes e mozos como son a enchente ou borracheira (binge drinking). Pois existe a percepción xeneralizada e errónea de que este consumo esporádico non ten efectos negativos no organismo.

Podendo ser o alcohol a antesala do consumo de outras substancias, e tendo por si mesmo efectos negativos no organismo, no ámbito do comportamento das relacións sociais considérase necesario intervir realizando labores de prevención no ambiente dos destinatarios.

O alcohol é a droga máis consumida e máis aceptada socialmente, resultando especialmente significativa a baixa percepción de risco existente tanto respecto ao alcohol como respecto ao cannabis. É necesario, por tanto, desmontar os mitos creados arredor destes consumos e visibilizar os riscos e os danos asociados.

O consumo de alcohol supón un risco para a saúde física, mental e social, e é ademais un claro factor dunha posible dependencia na idade adulta.



Aparte das consecuencias físicas, como son os danos permanentes na memoria, células cerebrais, acumulación de graxas, etc., debemos considerar os efectos que o consumo de alcohol crea no ámbito do comportamento e das relacións sociais, como son as alteracións das relacións coa familia, compañeiros/as, profesores/as, baixo rendemento escolar así como numerosos problemas de convivencia en forma de altercados, disputas ou agresións.

O NOSO COMPROMISO

A nosa proposta xorde da necesidade de atender as necesidades preventivas do colectivo xuvenil, de ofrecerlles información obxectiva así como actividades lúdico-educativas que lles axuden a mellorar os seus hábitos de saúde e, por tanto, a mellorar e fortalecer a súa calidade de vida e a do seu círculo.

É responsabilidade de toda a sociedade tomar conciencia dos riscos sanitarios e sociais que comporta o consumo de alcohol por parte dos menores, cuxo organismo e personalidade están en pleno desenvolvemento.

Desde a Confederación Don Bosco somos conscientes de que non toda a xente nova identifica diversión con consumo de alcohol. Moitos mozos entenden e practican outras formas de diversión e disfrute do seu tempo libre, como facer deporte, ir ao campo, participar en grupos de teatro, de música, de tempo libre, colaborar con asociacións, etc.

Porén hai un amplo número de mozos que non teñen conciencia sobre o risco do consumo de alcohol tanto a nivel individual como social, ao que, a veces, engádeselle a falta de preparación para a toma de decisións autónomas, falta de habilidades sociais, baixa autoestima, etc. Estas circunstancias xustifican a nosa intención de ofrecer non só unha campaña de sensibilización, senón de completar esa información cun elenco de auténticas alternativas de ocio, diversión e socialización.

Contamos con algunhas vantaxes, como ser entidades que desenvolvemos actividades para xente nova no tempo libre dando alternativa ao consumo de alcohol. O feito de que a información se transmita a través doutros mozos con algo máis de idade pero que se encontran no mesmo medio e realidade facilita a escoita e aceptación da información que lles chega. Por último, que as nosas entidades poidan ofrecer alternativas educativas orientadas ao desenvolvemento integral da persoa e a súa capacitación para a adopción de decisións autónomas.



CAMPAÑA ABERTA A OUTRAS ENTIDADES E MEDIADORES

Esta campaña ponse a disposición de todas aquelas asociacións e organizacións xuvenís que teñen unha visión positiva da xente nova e as súas capacidades e potencialidades. Os materiais estarán dispoñibles a través da páxina web para aquelas organizacións que queiran utilizalos no seu labor de prevención nos diferentes programas xuvenís, así como para calquera educador/a que queira utilizalos na súa intervención educativa con adolescentes e xente nova.

OS CENTROS XUVENÍS E ASOCIACIÓNS POLA PREVENCIÓN

A Confederación Don Bosco traballa xunto ás federacións e centros xuvenís salesianos en defensa e promoción da infancia e a xuventude, especialmente a que está en risco de exclusión, a través do protagonismo xuvenil e o estilo educativo de Don Bosco.

Levamos a cabo unha serie de accións e programas no seu labor de prevención, educación e promoción integral de nenos, nenas e xente nova. A súa execución é levada a cabo polos centros xuvenís e asociacións no ámbito local e polas federacións no ámbito autonómico.

Consideramos que previr é crear as condicións axeitadas para que cada mozo e cada moza desenvolva todas as súas potencialidades. Así mesmo, a prevención aplícase tamén para recuperar mozos e mozas que padecen xa as consecuencias de situacións de risco e abandono. Aínda máis, propónse como a mellor forma para espertar as enerxías que aínda hai neles e nelas e evitar así un deterioro maior.

A prevención exercece a través das diferentes redes sociais, tanto no barrio como na escola e no resto de institucións.


Os Salesianos e as Hijas de María Auxiliadora actualizan o Proxecto Educativo de San Juan Bosco e de Santa María Mazzarello.



Nos centros xuvenís salesianos trabállase por configurar acertadamente os oratorios e centros xuvenís como verdadeiras estruturas de educación no tempo libre capaces de interesar á xente nova e de implicala no desenvolvemento do seu propio crecemento persoal.

As manifestacións da cultura actual configúranse, de forma rotunda, a través do tempo libre, e arredor del organizase a vida persoal e social. Especialmente, a xente nova encontra no tempo libre e o ocio unha oportunidade de autorrealización, e é expresión da súa identidade persoal, de aí o noso interese en presentar alternativas de lecer saudables.

A nosa proposta educativa baséase nunha educación centrada na persoa, tendo unha visión positiva do mozo ou moza e das súas capacidades, acollendo á persoa tal como é, cos seus problemas, esperanzas e expectativas, axudándolle a integrar as diferenzas, coidando o crecemento persoal e favorecendo a maduración do seu proxecto de vida, e compartindo cos demais a realidade e promovendo o esforzo por encontrar canles de protagonismo na sociedade e na Igrexa, e a busca do sentido da vida.



O PAPEL DOS MEDIADORES E AS MEDIADORAS

Nesta campaña o papel dos mediadores e mediadoras é moi importante, xa que participaron na toma de decisións, no deseño e na creación da aplicación «Pasaporte 0.0». Así mesmo, deron a súa opinión, visión e experiencia sobre diferentes materiais e actividades necesarios para a campaña. Partimos da filosofía de que os mediadores e mediadoras son coñecedores das diferentes realidades e por tanto a súa visión, experiencia e coñecementos son fundamentais á hora de desenvolver a Campaña.

A través do uso da aplicación móbil e do resto de accións da campaña preténdense previr o inicio do consumo temperán de alcohol e o consumo abusivo traballando os seguintes aspectos.

- A difusión da información sobre as drogas e os seus efectos negativos.
- Dar a coñecer alternativas de ocio saudable.
- Desmitificar aspectos relacionados co alcohol.
- Identificar os factores que favorecen o consumo e desenvolver habilidades de resistencia e rexeitamento fomentando a autonomía persoal e a toma de decisións.
- Desenvolver habilidades xenéricas para a competencia individual e a interacción social.

Para iso precísase información axeitada e veraz; os mozos e as mozas deben coñecer os efectos do consumo de alcohol e os seus riscos. Igualmente, débese fortalecer a capacidade de toma de decisións autónoma fomentando a autoestima, a capacidade crítica, a tolerancia, a creatividade, a actitude positiva, a capacidade para soportar frustracións, etc.

Entendemos que esta información terá o efecto desexado se é ofrecida a menores e xente nova por parte dos mediadores e mediadoras. Así mesmo, esta campaña sen os mediadores e mediadoras sociais non tería sentido, posto que está concibida pensando na interrelación e interacción cos destinatarios e destinatarias a través da súa propia acción.



OS MATERIAIS DA CAMPAÑA E COMO UTILIZALOS

A Campaña Pasaporte 0.0 lévase a cabo co apoio dos seguintes materiais:


APLICACIÓN PASAPORTE 0.0

É unha ferramenta dixital; preténdese que non só a utilicen os mediadores e mediadoras dos centros xuvenís como ferramenta educativa, senón que os destinatarios e destinatarias das actividades tamén a utilicen individualmente ou cos seus amigos e amigas no seu propio tempo libre. A aplicación deseñouse coa implicación dun grupo de adolescentes, de mediadores e de diferentes perfís de profesionais e pais e nais.



PÁXINA WEB DA CAMPAÑA

Inclúe a explicación dos obxectivos da campaña, os materiais para descargar, as instrucións para a aplicación e o resto de información de interese.



GUÍA DA CAMPAÑA:

recolle a formulación da campaña dentro da opción pola prevención da Confederación Don Bosco; as finalidades e obxectivos da campaña e describe os materiais que a compoñen.

MATERIAIS DIDÁCTICOS:

son un soporte para que os mediadores e mediadoras os adapten ás súas realidades e traballen a prevención do consumo de alcohol en menores.

CARTEIS DA CAMPAÑA/PLOTTER: Servirán para ilustrar as presentacións alá onde se desenvolva a campaña. Ten unha utilidade estética para ambientar espazos e intervencións grupais.



Este material ha sido elaborado por la Confederación Don Bosco como parte de la Campaña Pasaporte 0,0 dentro de la línea de Educación para la Salud. Ha sido creado como recurso orientativo por lo que está abierto a las aportaciones y la experiencia de los agentes sociales que los vayan a utilizar. Esperamos que la información y las dinámicas ofrecidas os sean útiles en vuestra labor preventiva.

Asimismo, queremos agradecer y alabar el trabajo y la dedicación de los jóvenes voluntarios como impulsores de hábitos de vida saludable.



www.pasaporte00.org



DonBosco
confederación
de centros juveniles
de España

	GOBIERNO DE ESPAÑA	MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL	SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVICIOS SOCIALES
	GOBIERNO DE ESPAÑA	MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL	DELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS
	POR SOLIDARIDAD OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL.		